

PROCEDIMENTO

1. Manifestar o interese. (Envío á Fegamp)

Para manifestar o desexo de adhesión os concellos poden enviar desde o acordo dun órgano colexiado ata un decreto de alcaldía.

2. Publicación no BOP da aprobación inicial das ordenanzas. (Envío á Fegamp)

Unha vez que os concellos levan ao pleno o acordo de modificación de ordenanzas e proceden á súa publicación no BOP, aínda que non é obrigatorio comunicar este aspecto, axudaría a facer un seguimento dos acordos.

O acordo que vai ter transcendencia e o acordo de aprobación definitiva ou de elevación a definitiva do provisional (cando non houbo alegacións) e a publicación do mesmo no BOP.

3. Publicación no BOP da aprobación definitiva das ordenanzas. (Envío á Fegamp)

Ademais de remitir o acordo de aprobación definitiva, este deberá ir acompañado da publicación no BOP do dito acordo.

4. Reunión da Comisión Técnica de Seguimento do convenio.

Unha vez que os expedientes estean completos, reunirase a *Comisión Técnica de Seguimento do Convenio* (Xunta-Fegamp) para a análise a emisión da proposta de habilitación de "Concello Emprendedor" daqueles concellos que cumpran os requisitos.

5. Remisión do certificado ao concello solicitante.

Remisión do certificado "Concello Emprendedor", asinado polo presidente da Fegamp e o presidente da Xunta de Galicia, ao concello solicitante con dación de conta dos certificados outorgados diante da Xunta de Voceiros e da Comisión Executiva da Fegamp.